



MEMORIA ECONÓMICA XUSTIFICATIVA DA SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO O 29.09.2022 PARA A IMPLANTACIÓN DUN SERVIZO DE INTERESE MUNICIPAL (SIMU) NO CONCELLO DE NIGRÁN

1. Antecedentes

Con data 29 de setembro de 2022 a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, o Concello de Nigrán, e a UTE ASISTENCIA TÉCNICA MATURO, S.L., EMPRESA RAÚL, S.A., AUTOCARES FADISTA, S.L.U., SUBÚS GRUPO DE TRANSPORTE, S.L.U., SECC. AUTOMÓVIL, S.L., ANGEL MARIANO MOLLA, S.A. e AUTOBUSES DEL TRIÁNGULO, S.L., asinaron un Convenio de colaboración para a implantación dun servizo de interese municipal no Concello de Nigrán e a súa integración no sistema de transporte público de Galicia.

O Concello de Nigrán, unha vez concertado e posto en marcha o novo servizo, constatou a necesidade de potenciar e ampliar o SIMU implantado de cara a atender unha nova demanda de mobilidade das persoas usuarias xerada trala apertura dun centro comercial no parque empresarial Porto do Molle.

O 1 de decembro de 2023 asinouuse unha primeira Addenda ao Convenio de colaboración incorporando unha prolongación á liña SIMU existente (Chandebrito-Panxón), dende Panxón ata a parroquia de Priegue.

O 3 de xuño de 2024, reuniuse a Comisión de Seguimento do convenio para o estudo e análise da solicitude formulada polo Concello de Nigrán para implantar un novo servizo piloto nos meses de xullo e agosto dende un aparcamento habilitado no Polígono Empresarial de Porto de Molle ata praia América, co obxecto de reducir o fluxo en vehículo privado ás praias do concello.

Acordouse a realización dos servizos por conta do concesionario para, unha vez probada a necesidade, incorporalos ao Convenio mediante unha nova Addenda.

Durante este período, os custos do novo servizo a praias foron asumidos integramente polo Concello de Nigrán.

Finalizado o período de proba, o 13 de marzo de 2025, reuniuse novamente a Comisión de Seguimento do convenio a petición da empresa concesionaria da XG883 e o Concello para tratar unha serie de modificacións propostas na liña XG883075



Chandebrito-Nigrán-Priegue en expediente IF302E e a incorporación no Convenio da liña experimental XG883077 Porto do Molle - Praia América – Porto do Molle.

Finalmente, o 8 de maio de 2025 tivo lugar unha nova Comisión de Seguimento na que se aprobou polas partes o presuposto presentado pola empresa concesionaria e os novos servizos a incorporar nunha segunda Addenda no Convenio.

2. Obxecto

A presente addenda ao convenio que será formalizada entre a Xunta de Galicia, o Concello de Nigrán e a concesionaria, ten como obxecto incorporar un servizo de transporte público en tempada estival para atender a afluencia de público ás praias de Panxón e Praia América, no Concello de Nigrán, así como de actualizar os custos de explotación da liña SIMU existente (Chandebrito-Nigrán-Priegue).

Estes servizos serán financiados íntegramente polo Concello de Nigrán.

3. Finalidade e xustificación

A addenda ao convenio ten por finalidade potenciar e ampliar o SIMU implantado, de cara a promover unha mobilidade co menor impacto ambiental posible, especialmente ante a afluencia de público ás praias do concello en tempada estival. Preténdese desta forma reducir o tráfico rodado que se xera durante as fins de semana e os días festivos cara ás praias de Panxón e Praia América.

Ademais, prevese actualizar os custos de explotación da liña SIMU existente, debido ao incremento dos prezos en múltiples compoñentes da estrutura de custos dos servizos públicos de transporte desde a sinatura do convenio.

A cláusula Oitava do convenio establece que dito convenio poderá ser obxecto de modificación por mutuo acordo das partes asinantes, mediante a formalización da correspondente addenda segundo o procedemento legalmente establecido.

Prevese así a incorporación dunha nova liña, Porto do Molle - Praia América – Porto do Molle, e a actualización dos custos de explotación da liña existente, Chandebrito-Nigrán-Priegue, modificándose os Anexos I, II e III do Convenio do 29 de setembro de 2022.

4. Aspectos económicos

A Xunta de Galicia non asumirá ningún custo económico derivado da aplicación desta Addenda.

O Concello de Nigrán asumirá os custos económicos derivados da modificación do convenio co contratista afectado.





A totalidade das achegas que corresponde efectuar ao Concello de Nigrán como consecuencia da modificación prevista nesta Addenda estímase na contía de 126.682,72 € ao ano.

O Concello de Nigrán comprométese a transferir á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a diferenza resultante entre as achegas xa abonadas correspondentes ao exercicio 2025 e as previstas nesta Addenda. Dita transferencia realizarase no prazo dun mes contado desde o día seguinte á sinatura da presente addenda.

As achegas seguintes realizaranse no mes de xaneiro de cada ano, polo importe correspondente á achega anual.

5. Duración

Esta Addenda producirá efectos dende o mesmo días da súa sinatura, aínda que despregará eficacia o día en que comecen a prestarse os servizos e manterá a súa vixencia ata o 31 de marzo de 2026.

O Convenio do 29 de setembro de 2022 manterá a súa vixencia na totalidade das súas cláusulas, incorporando o novo servizo.

A Directora territorial de Pontevedra

Blanca García-Señoráns Álvarez

O xefe do Servizo de Mobilidade de Pontevedra

Manuel Santano Gómez

(documento asinado dixitalmente)

